

MPN/plc

ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2024 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN.

Para facer fronte as necesidades de financiamento de actuacións do Servizo de Cooperación, propónse realizar as seguintes modificacións de crédito:

1.- DOTACIÓN DE CRÉDITO NECESARIO NA APLICACIÓN 24/942.9420.762.75 ReacPon-00988. PARA A EXECUCIÓN DE SENTENZA PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Ao terse denegada polo acordo do Pleno da Deputación núm. 4.7719, na data 17/12/2021, a concesión de subvención ao Concello de Soutomaior ao abeiro do Programa ReacPon (BOPPO núm. 102, do 01/06/2021), e co fin de dar **cumprimento á sentenza núm. 00243/2024 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 02/07/2024**, que desestima o recurso de apelación núm. 7068/2024 contra a sentenza núm. 33/2024 do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra de 05/02/2024, debendo outorgarse a subvención ao Concello (17/12/2021), incrementada cos intereses legais desde a data na que debeu terse concedida, esta Deputación debe dar cumprimento á sentenza á vista da documentación existente no expediente de solicitude de subvención realizada no seu momento polo Concello.

Á vista do anterior, a Deputación de Pontevedra debe conceder unha subvención de **349.730,80€** para a actuación denominada “Humanización da praza de Cimadevila a rúa Rosalía de Castro, Arcade. Camiño de Santiago Tramo 1”, cun orzamento de 411.448,00€, para o que é necesario a incoación dun expediente de modificación de crédito para dotar con **349.730,80€** a aplicación orzamentaria **24/942.9420.762.75 ReacPon_00988**.

2.- CONCELLO PONTEVEDRA. DOTACIÓN DE CRÉDITO NA APLICACIÓN 24/942.9420.762.14 A CONCELLOS-INVESTIMENTOS EN CONVENIO (VIGO- PONTEVEDRA) PARA LEVAR A CABO UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO VIAL DE CONEXIÓN ENTRE A AVENIDA DE MARÍN E A RÚA ROSALÍA DE CASTRO EN PONTEVEDRA

En data 25/11/2020 o Concello de Pontevedra presentou no Rexistro da Deputación Provincial a correspondente solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DO NOVO VIAL DE INTERCONEXIÓN ENTRE A RÚA DE ROSALÍA DE CASTRO (ANTIGA ESTRADA DE MARÍN) E A AVENIDA DE MARÍN EN MOLLAVAO: ACCESO OESTE A PONTEVEDRA, cun orzamento base de licitación de 938.824,63€, IVE engadido, a financiar integramente pola Deputación en dous exercicios, no exercicio 2020 a cantidade de 264.964,58€ e no exercicio 2021 o importe de 673.860,05€ (aplicacións orzamentarias 2020/942.9420.762.14 e 2020/942.9420.762.14, respectivamente).



O Pleno da Corporación Provincial, na sesión ordinaria do 15/12/2020, mediante o acordo núm. 5.31060, aprobou dito convenio, procedéndose á súa sinatura entre ambas administracións o 28/12/2020.

Na data 13/06/2024 o concello de Pontevedra solicita, mediante núm. rexistro 2024009962, a convocatoria dunha reunión da Comisión de Seguimento co obxecto de valorar a situación de execución actual do mesmo.

En dita reunión acórdase, tal como se recolle na súa acta de 27/06/2024 (CSV:7GLXB4W21OZUSWBV), o seguinte:

“(…) ante a imposibilidade material de realizar as obras obxecto deste Convenio antes da finalización do prazo de execución e finalización do investimento previsto no mesmo, isto é, o 28/12/2024, e, polo tanto, ante a imposibilidade da celebración dunha addenda por exceder o convenio do prazo máximo legal permitido (catro anos), a Comisión de Seguimento propón resolver o convenio, liberar o crédito do mesmo para financiar un novo convenio, isto é, 938.824,63€ (264.964,58€ procedentes da aplicación 2024/942.9420.762.14.2020 e 673.860,05€ da aplicación 2024/942.9420.762.14.2021), polo Pleno da Deputación de Pontevedra, mediante a tramitación dun expediente de modificación de crédito, tramitar un novo convenio cunha vixencia de dous anos prorrogable por un máis, en caso de necesidade de ampliación do prazo de execución ou da xustificación do investimento.”.

En data 27/09/2024 por acordo do Pleno núm. 4.8261 (CSV:738LWXUIMOB5JU5C) acordase a aprobación de dita resolución do convenio.

Polo tanto, ao quedar crédito dispoñible das **anualidades 2020 e 2021** por un importe total de **938.824,63€** orixinario do “Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra para a execución do novo vial de interconexión entre a rúa de Rosalía de Castro (antiga estrada a Marín) e a Avenida de Marín en Mollavao: Acceso oeste a Pontevedra ” (Expte. 2020054472), ao non executarse o investimento e resolverse o convenio por acordo das partes, debe dotarse a aplicación **24/942.9420.762.14 A CONCELLOS-INVESTIMENTOS EN CONVENIO (VIGO- PONTEVEDRA)** polo importe total de **938.824,63€**, procedendo **264.964,58€** da aplicación 24/942.9420.762.14.2020 e o importe de **673.860,05€** da aplicación 24/942.9420.762.14.2021.

3.- DOTACIÓN DE CRÉDITO NA APLICACIÓN 24/942.9432.227.06 ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS COOPERACIÓN (2400004 - 0249 VISIT RIO MINHO PLUS 1 P: Consolidación da marca Rio Minho e creación de novos produtos turísticos transfronteirizos) PARA A FINANCIACIÓN DA CONSOLIDACIÓN DA MARCA RÍO MINHO E CREACIÓN DE NOVOS PRODUCTOS TURÍSTICOS TRANSFRONTEIRIZOS

En maio de 2023 presentouse a candidatura denominada “Visit Rio Minho Plus: Consolidación da marca Rio Minho e creación de novos produtos turísticos transfronteirizos”, dentro da prioridade 5 - Potenciar a cooperación para afrontar o reto demográfico no espazo fronteirizo, creando condicións de vida atractivas baseadas no acceso ao mercado de traballo, servizos públicos esenciais, accesibilidade e aplicando principios de inclusión social e igualdade de oportunidades e trato, Obxectivo específico 4.6 – Potenciar o papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.



O proxecto Visit_Rio_Minho_Plus é un proxecto global de desenvolvemento a través do turismo, para o cal se propón a articulación dunha oferta baseada en experiencias innovadoras e singulares asentadas no seu patrimonio natural, histórico e gastronómico, como elemento diferenciador, de identidade e de posicionamento. Isto permitirá dinamizar e desenvolver economicamente as zonas rurais dunha forma sostible, aproveitando os recursos endóxeos e contribuíndo á transformación do territorio nun polo de retención e atracción de talento, ofrecendo unha oportunidade para que a poboación con ideas de negocio innovadoras no ámbito do turismo, o sector agrario e a gastronomía, entre outros, poidan encontrar oportunidades para a implementación dos seus proxectos.

En data 20/03/2024 o Comité da Área de Cooperación 1 Galicia-Norte de Portugal do POCTEP 2021-2027 decidiu propor ao Comité de Xestión do Programa a aprobación da candidatura VISIT RIO MINHO PLUS có obxectivo de incrementar o seu grao de coherencia e adecuación aos obxectivos do POCTEP. En data 30/04/2024 recibíuse notificación do Comité de Xestión do POCTEP aprobando a candidatura 0249_Visit_Rio_Minho_Plus_1_P.

Polo antedito, solicítolle a tramitación dun expediente de modificación de crédito polo que se dote con **10.257,00€** a aplicación orzamentaria **24/942.9432.227.06 ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS_COOPERACIÓN (2400004 - 0249_VISIT_RIO_MINHO_PLUS_1_P: Consolidación da marca Rio Minho e creación de novos produtos turísticos transfronteirizos).**

4. DOTACIÓN DE CRÉDITO NA APLICACIÓN 24/942.9420.652.99 INVESTIMENTOS XES. CONCELLOS-PROX. UE E NEXT PROVENIENTE DA BAIXA NA APLICACIÓN 24/942.9420.762.99 A CONCELLOS. PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS

Sendo necesario **dotar de crédito** a aplicación orzamentaria **24/942.9420.652.99** creada a cero para afrontar os gastos de contratación de servizos para a presentación de candidaturas para obter subvencións destinadas a inversións, propónse a tramitación dunha modificación de crédito para levar a cabo a devandita dotación da partida coa **baixa** por importe de **40.000,00 euros proveniente** da partida **24/942.9420.762.99** ao abeiro do establecido no artigo 179 do Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución do Orzamento Provincial.

CONCLUSIÓN:

Por todo o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 177 e concordantes da Lei reguladora das Facendas Locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo) e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2024, determínase a necesidade de:

1. Dotar con **349.730,80€** a aplicación orzamentaria **24/942.9420.762.75 ReacPon_00988** para a concesión dunha subvención ao concello de Soutomaior para a actuación denominada "Humanización da praza de Cimadevila a rúa Rosalía de Castro, Arcade. Camiño de Santiago Tramo 1", en cumprimento da sentenza núm. 00243/2024 de 02/07/2024 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
2. Liberar a cantidade de **938.824,63€**, respecto da cal 264.964,58€ proveñen da aplicación orzamentaria 24/942.9420.762.14.2020 e 673.860,05€ da aplicación orzamentaria 24/942.9420.762.14.2021 para dotar de crédito a aplicación orzamentaria **24/942.9420.762.14 A CONCELLOS -INVESTIMENTOS EN CONVENIO (VIGO - PONTEVEDRA).**



3. Dotar con **10.257,00 €** a aplicación orzamentaria **24/942.9432.227.06 ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS_COOPERACIÓN (2400004 - 0249_VISIT_RIO_MINHO_PLUS_1_P: Consolidación da marca Rio Minho e creación de novos produtos turísticos transfronteirizos).**

4. Dotar con **40.000,00 €** a aplicación orzamentaria **24/942.9420.652.99 INVESTIMENTOS XES. CONCELLOS-PROX. UE E NEXT PROVENIENTE DA BAIXA NA APLICACIÓN 24/942.9420.762.99 A CONCELLOS. PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS** para afrontar os gastos de contratación de servizos para a presentación de candidaturas para obter subvencións destinadas a inversión.

Firmado por: MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ - ***9585**
Cargo: Deputada delegada
Data: 15/10/2024 11:33

Firmado por: MARINA PIÑEIRO NOVO - ***3068**
Cargo: Xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios
Data: 14/10/2024 16:02

Aplicación	Denominación	Importe
<p>CONCELLO DE SOUTOMAIOR</p> <p>Dotar de crédito a aplicación 24/942.9420.762.75</p>	<p>A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN [REACPON_00988]</p>	<p>349.730,80€</p>
<p>CONCELLO PONTEVEDRA</p> <p>Minóranse as aplicacións 24/942.9420.762.14.2020 (264.964,58€)</p> <p>24/942.9420.762.14.2021 (673.860,05€)</p> <p>Dotar de crédito a aplicación 24/942.9420.762.14</p>	<p>A CONCELLOS -INVESTIMENTOS EN CONVENIO (VIGO-PONTEVEDRA)</p>	<p>938.824,63€</p>
<p>ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS VISIT_RIO_MINHO_PLUS</p> <p>Dotar de crédito a aplicación 24/942.9432.227.06</p>	<p>ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS_COOPERACIÓN. (2400004 - 0249_VISIT_RIO_MINHO_PLUS_1_P: Consolidación da marca Rio Minho e creación de novos produtos turísticos transfronteirizos)</p>	<p>10.257,00 €</p>
<p>GASTOS CONTRATACIÓN SERVIZOS PARA PRESENTACIÓN CANDIDATURAS PROX. EUROPEOS</p> <p>Minorase a aplicación 24/942.9420.762.99 (40.000,00€)</p> <p>Dotar de crédito a aplicación 24/942.9420.652.99</p>	<p>INVESTIMENTOS XES. CONCELLOS-PROX. UE E NEXT</p>	<p>40.000,00 €</p>

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Cooperación, Marina Piñeiro Novo

A deputada delegada da Área de Cooperación Local, María Pilar Ramallo Vázquez

INTERVENCIÓN



EXPEDIENTE	2024048615
ASUNTO	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 04/2024
TRÁMITE	PROPOSTA DO SERVIZO DE TURISMO

O Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra necesita ampliar o crédito dispoñible na aplicación 24/433.4320.462.00 para subvencionar ao Concello de Lalín no que atinxe elementos de decoración de Nadal, completando así o Concello unha nova Aldea de Nadal, a aldea Gastro e tres casiñas adiadas a persoas ilustres.

A aplicación non dispón de crédito suficiente para afrontar dita subvención e os traballos non poder demorarse ata o exercicio seguinte.

Na aplicación referida non está previsto imputar operacións no exercicio polo importe total do crédito consignado.

En conseguinte, solicítase realizar Minoración do créditos co seguinte detalle:

APLICACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO
24/433.4320.226.20	60.000,00 €	Gastos de Promoción

PROPOSTA:

O importe total da modificación proposta ascende 60.000,00 € desagregada da seguinte forma:

APLICACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO
24/433.4320.762.26	60.000,00 €	Aldeas de Nadal- Concello de Lalín

Na aplicación orzamentaria á que debe imputarse o gasto non hai crédito suficiente dispoñible e a actuación non se poden demorar ata o próximo exercicio.

Por todo o anterior, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do R.D Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, propónse a modificación de crédito sinalada, previo informe de Intervención e aprobación do Pleno da Corporación.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.



Expediente	2024062371
Asunto	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 04/2024. APROBACIÓN PLENO DA CORPORACIÓN (SETEMBRO 24_2)
Trámite	Crédito extraordinario para aplicación orzamentaria 24/457.3370.62201 (EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓN- A LANZADA)

Antecedentes:

O Servizo de Arquitectura ten, entre outros cometidos, o mantemento das edificacións da Deputación de Pontevedra. Estas tarefas comprenden a redacción de proxectos, execución de obras e dirección das mesmas, encamiñadas a resolver as deficiencias e mellorar as edificacións onde desenvolven o seu traballo o persoal da Deputación de Pontevedra. Por este motivo é necesario, en ocasións, acometer obras de mellora, acondicionamento e reforma dos locais existentes para adaptalos ás necesidades que xorden, así como para a súa perfecta conservación de acordo a súas características. Así mesmo, en ocasións é preciso a construción de novas edificacións para dar cobertura ás necesidades que van xurdindo co tempo. En particular, entre as edificacións obxecto de supervisión e mantemento atópanse o conxunto que compoñen o Centro Vacacional da Deputación de Pontevedra na Lanzada. Como parte das necesidades neste conxunto de edificacións é preciso abordar a construción dun novo almacén, polo que é necesario a dotar de crédito extraordinario á aplicación orzamentaria de nova creación 24/457.3370.62201 (EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓN- A LANZADA) para sufragar os gastos inherentes a este proxecto.

Fundamentos de dereito:

- Artigo 35 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos, relativo aos créditos extraordinarios e os suplementos de crédito.



-O artigo 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos, relativo aos suplementos de crédito, no que se dispón que:

[...]1. Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito, poderanse financiar indistintamente con algún ou algúns dos seguintes recursos:

a) Mediante anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo. [...]

-As Bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra.

-Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.

-Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se trasponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2104/24/UE, de 26 de febrero de 2014.

Á vista do anteriormente do exposto propónse a seguinte modificación orzamentaria:

Crédito extraordinario:

24/457.3370.62201 (EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS- A LANZADA) polo importe de 7.000,00 €

Baixa por anulación:

24/457.3370.63101 (EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS- A LANZADA) polo importe de -7.000,00 €

Pontevedra, na data da sinatura dixital



MCC/naa

ASUNTO: INFORME-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PARA O PROXECTO DA TÚA MAN PRESENTADO Á CONVOCATORIA 2022 DE AXUDAS PARA O APOIO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS E O PROXECTO ERASMUS+ 2024 PRESENTADO NA CONVOCATORIA DE PROPOSTAS 2024 DO PROGRAMA ERASMUS+ DENTRO DA ACCIÓN CLAVE 1 (KA1)

Manuel Corujo Castro, Xefe do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, INFORMA:

Primeiro.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 2 de febreiro de 2024, adoptou, entre outros, o acordo (nº 25.33426) de presentación da solicitude de modificación da resolución de concesión para ampliar o prazo de execución do proxecto “Da túa man” financiado nun 80% polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo a través da convocatoria de 2022 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais (Orde ICT/950/2021, de 10 de setembro modificada pola Orde ICT/566/2022 de 15 de xuño e a Orde ICT/185/2023, de 22 de febreiro), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (expte. 2022049323).

En virtude do anterior procedeuse á tramitación de dita solicitude resultando que con data 5 de marzo de 2024 o Ministerio notificou a autorización da modificación do cronograma con ampliación do prazo de execución do proxecto ata o 31 de decembro de 2024, tal e como consta no citado expediente de solicitude de modificación.

Para a execución deste proxecto a Deputación de Pontevedra achegou, entre outros, o importe de 159.940,00 euros para cubrir as necesidades de xestión do devandito proxecto procedendo á contratación de persoal ata o 30 de xuño de 2024, data de finalización do proxecto. Tendo en conta a autorización da modificación do prazo é necesario a continuidade do persoal para o cumprimento da execución do proxecto en tempo e forma é, polo tanto, a modificación de crédito e a necesidade de financiamento para cubrir o período de ampliación do prazo autorizado.

En consecuencia, ante a dita necesidade de financiamento e o cumprimento dos obxectivos no marco do proxecto que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e, non existindo crédito suficiente no vixente orzamento, resulta necesario tramitar un expediente de modificación de crédito segundo o seguinte:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240-4315-120,51	Soldo func. interinos sen praza, _ Promoción de emprego (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	30.000,00 €
240-4315-120,52	Trienios func. interinos sen praza, _ Promoción de emprego (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	1.500,00 €
240-4315-120,53	Paga extra func. interinos sen praza, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	4.000,00 €
240-4315-120,90	O. Retribucións, Melloras, I.T., _ Promoción de emprego (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	500,00 €

1



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240-4315-121,51	C. Destino Func. Interinos sen praza, _ Promoción de emprego EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	15.000,00 €
240-4315-121,52	C. Específico Func. Interinos sen praza, _ Promoción de emprego EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	15.000,00 €
240-4315-160,00	Seguridade Social, _ Promoción de emprego (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	14.000,00 €
TOTAL		80.000,00 €

Segundo.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 23 de agosto de 2024, adoptou, entre outros, o acordo (nº 4.34153) de aprobación e xeración de crédito do proxecto presentado pola Deputación de Pontevedra na convocatoria de propostas 2024 do programa Erasmus+ (expte. 2023073909). Na citada sesión acórdase:

“(…) 1.- Aprobar o proxecto Erasmus+ 2024 presentado na Convocatoria de Propostas 2024 do programa Erasmus+ dentro da Acción Clave 1 (KA1) “Mobilidade das persoas por motivo de aprendizaxe”, financiado polo Servizo Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) e que posúe as características establecidas no presente informe, xunto coas condicións, prazos de execución e todas as obrigas inherentes ao mesmo de acordo cos criterios esixidos pola convocatoria 2024 do programa Erasmus+.

2.- Aprobar de forma taxativa a distribución do gasto cos importes que correspondan a esta Deputación Provincial dentro do total do proxecto, quedando o financiamento propio condicionado á aprobación polo Pleno da correspondente modificación de crédito.

3.- Aprobar que a súa xestión se realice a través do módulo “proxecto de gasto” tal e como establece a Base 27ª das de execución do orzamento provincial para o exercicio 2024, garantindo a existencia dunha contabilidade separada.

4.- Aprobar a xeración de crédito polos importes da subvención, abrindo as aplicacións e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto”.

(…)”

Trátase dun proxecto plurianual (2024-2026) financiado con fondos do SEPIE e fondos propios e para a anualidade 2024, atendendo ao artigo 181 a) do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberanse realizar as operacións de xeración de crédito para este exercicio polo importe da subvención concedida polo SEPIE para este exercicio e, por parte do financiamento propio, realizar as correspondentes operacións de modificación de crédito co fin de que a Deputación de Pontevedra se comprometa ao financiamento do importe que figura na resolución de concesión, así como as necesidades de xestión do dito proxecto, dando conta dos tipos de gastos que se inclúen no proxecto así como dos importes atendendo á apertura das correspondentes aplicacións orzamentarias, sinalando no cadro unha proposta do servizo a considerar pola Intervención, quen mellor proverá.



PROXECTO ERASMUS+ 2024				
(Porcentaxe)	80%	10%	10%	100%
ANUALIDADE	2024	2025	2026	TOTAL
ACHEGA SEPIE	552.988,00 €	69.123,50 €	69.123,50 €	691.235,00 €
FONDOS PROPIOS DEPUTACIÓN	160.000,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €	200.000,00 €
TOTAL	712.988,00 €	89.123,50 €	89.123,50 €	891.235,00 €

O reparto por aplicacións orzamentarias sería o seguinte:

PROXECTO ERASMUS+ 2024			
CONCEPTO	SEPIE	DEPUTACIÓN	TOTAL
BOLSAS	691.235,00 €		691.235,00 €
SEGUROS		31.800,00 €	31.800,00 €
CONTRATACIÓNS		50.000,00 €	50.000,00 €
APOIO LINGÜÍSTICO		1.000,00 €	1.000,00 €
MANUAIS, FOLLETOS		1.000,00 €	1.000,00 €
DIFUSIÓN		2.000,00 €	2.000,00 €
PERSOAL		114.200,00 €	114.200,00 €
TOTAL	691.235,00 €	200.000,00 €	891.235,00 €

O reparto por tipo de financiamento distribuirase en función do seguinte cadro:

APLICACIÓN	DESCRICIÓN	IMPORTE
240.2425.120.51	Soldo func. interinos sen praza (Erasmus+ 2024)	37.400,00 €
240.2425.120.52	Trienios func. interinos sen praza (Erasmus+ 2024)	2.400,00 €
240.2425.120.53	Paga extra func. interinos sen praza (Erasmus+ 2024)	7.900,00 €
240.2425.120.90	O. Retribucións, Melloras, I.T. (Erasmus+ 2024)	800,00 €
240.2425.121.51	C. Destino Func. Interinos sen praza (Erasmus+ 2024)	24.500,00 €
240.2425.121.52	C. Específico Func. Interinos sen praza (Erasmus+ 2024)	24.500,00 €
240.2425.160.00	Seguridade Social (Erasmus+ 2024)	12.700,00 €
240.2425.224.03	Primas de seguros (Erasmus+ 2024)	31.800,00 €
240.2425.226.99	Outros gastos diversos (Erasmus+ 2024)	2.000,00 €
240.2425.227.06	Estudios e traballos técnicos (Erasmus+ 2024)	50.000,00 €
240.2425.230.20	Axudas de custo (Erasmus+ 2024)	1.000,00 €
240.2425.231.20	Locomoción (Erasmus+ 2024)	3.000,00 €
240.2425.481.01	Axudas, becas e pensións alumnos e profesorado (Erasmus+ 2024)	691.235,00 €
240.2425.226.02	Publicidade e propaganda (Erasmus+ 2024)	2.000,00 €
		891.235,00

En consecuencia, ante a necesidade de financiamento para a realización do proxecto Erasmus+ 2024 presentado á convocatoria de propostas 2024 (EAC/A07/2023) do Programa Erasmus+, publicada no Diario Oficial da Unión Europea C/2023/1262, do 28 de novembro de 2023, e, non existindo crédito suficiente no vixente orzamento, resulta necesario tramitar un expediente de modificación de crédito.



Para os exercicios 2024 e 2025 deberanse incluír nos orzamentos provinciais os importes que correspondan, tanto nas aplicacións orzamentarias de gastos como nos conceptos de ingresos, que recollan, respectivamente os créditos e o cofinanciamento, dentro do proxecto de gastos específico. Non obstante o anterior, o proxecto é susceptible de ampliación ata o ano 2026.

Por todo o anterior, e en virtude do disposto no artigo 79 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común e, seguindo os criterios establecidos nos artigos 177 e 214 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e coa finalidade de facer fronte ao citado gasto, propónse a tramitación do seguinte expediente de modificación de crédito para os seguintes proxectos:

- **Da túa man no rural (Proxecto de gasto 92310001 – DA TÚA MAN NO RURAL)**

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240-4315-120,51	Soldo func. interinos sen praza, _ Promoción de emprego (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	30.000,00 €
240-4315-120,52	Trienios func. interinos sen praza, _ Promoción de emprego (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	1.500,00 €
240-4315-120,53	Paga extra func. interinos sen praza, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	4.000,00 €
240-4315-120,90	O. Retribucións, Melloras, I.T., _ Promoción de emprego (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	500,00 €
240-4315-121,51	C. Destino Func. Interinos sen praza, _ Promoción de emprego EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	15.000,00 €
240-4315-121,52	C. Específico Func. Interinos sen praza, _ Promoción de emprego EMPREGO (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	15.000,00 €
240-4315-160,00	Seguridade Social, _ Promoción de emprego (PROX.: DA TÚA MAN RURAL)	14.000,00 €
TOTAL		80.000,00 €

- **Erasmus + 2024 (Proxecto de gasto– Erasmus + 2024)**

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
240.2425.120.51	Soldo func. interinos sen praza, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	30.700,00 €
240.2425.120.52	Trienios func. interinos sen praza, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	4.000,00 €
240.2425.120.53	Paga extra func. interinos sen praza, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	6.000,00 €
240.2425.120.90	O. Retribucións, Melloras, I.T., _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	500,00 €
240.2425.121.51	C. Destino Func. Interinos sen praza, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	20.000,00 €



APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
240.2425.121.52	C. Específico Func. Interinos sen praza, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	20.000,00 €
240.2425.160.00	Seguridade Social, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	8.000,00 €
240.2425.224.03	Primas de seguros, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	25.000,00 €
240.2425.226.99	Outros gastos diversos, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	2.000,00 €
240.2425.227.06	Estudios e traballos técnicos, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	40.000,00 €
240.2425.230.20	Axudas de custo, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	800,00 €
240.2425.231.20	Locomoción, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	2.000,00 €
240.2425.226.02	Publicidade e propaganda, _ Promoción de emprego (PROX.: Erasmus+ 2024)	1.000,00 €
TOTAL		160.000,00

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

INTERVENCIÓN (ORZAMENTOS, PLANS E URBANISMO).-



EXPEDIENTE	2024048615
ASUNTO	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 04/2024
TRÁMITE	PROPOSTA DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE

O Servizo de Medio Ambiente necesita ampliar crédito na aplicación 24/410.4195.227.06, *Estudos e traballos técnicos_Medio Ambiente* para o proxecto +RÍAS: A importancia da sostibilidade ambiental e socioeconómica das Rías Baixas como motor da economía azul na contorna da Rede Natura 2000, cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (FEMPA), que foi aprobado pola Xunta de Goberno de 2 de agosto de 2024.

A contribución da Deputación de Pontevedra en dito proxecto ascende a 39.784,24 € en dúas anualidades, 23.402,49€ correspondentes a 2024 e 16.381,75€ correspondentes a 2025.

Considerando, que este gasto non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e non existindo crédito suficiente no vixente orzamento, informo que é necesario xerar un crédito extraordinario na aplicación orzamentaria que se detalla na seguinte táboa co importe que se sinala:

APLICACIÓN A INCREMENTAR	DENOMINACIÓN	IMPORTE
24/410.4195.227.06	Proxecto +RÍAS	23.402,49€

En consecuencia, propoño a realización da modificación de crédito descrita, e en virtude do disposto no artigo 79 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, e seguindo os criterios establecidos nos artigos 177 e 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, solicítolle que emita informe e se lle dea trámite, no seu caso a esta proposta.

A XEFA DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE

Documento asinado dixitalmente

INTERVENCIÓN



Expediente	2024062371
Asunto	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 04/2024. APROBACIÓN PLENO DA CORPORACIÓN (SETEMBRO 24_2)
Trámite	Suplementación de crédito na aplicación orzamentaria 24/457.4500.63203 (EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS MELLORAS PATRIMONIO)

Antecedentes:

O Servizo de Arquitectura ten, entre outros cometidos, o mantemento das edificacións da Deputación de Pontevedra. Estas tarefas comprenden a redacción de proxectos, execución de obras e dirección das mesmas, encamiñadas a resolver as deficiencias e mellorar as edificacións onde desenvolven o seu traballo o persoal da Deputación de Pontevedra. Por este motivo é necesario, en ocasións, acometer obras de mellora, acondicionamento e reforma dos locais existentes para adaptalos ás necesidades que xorden, así como para a súa perfecta conservación de acordo a súas características. Así mesmo, en ocasións é preciso a construción de novas edificacións para dar cobertura ás necesidades que van xurdindo co tempo. Por este motivo é necesario dotar de crédito suficiente a aplicación orzamentaria 24/457.4500.63203 (EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS MELLORAS PATRIMONIO) para acometer obras de mellora tales como a iluminación do Salón de Plenos do Pazo Provincial ou a instalación da liña de vida na cuberta do Pazo Provincial.

Fundamentos de dereito:

-Artigo 35 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos, relativo aos créditos extraordinarios e os suplementos de crédito.

-O artigo 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas



Locais en materia de orzamentos, relativo aos suplementos de crédito, no que se dispón que:

[...]1. *Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito, poderanse financiar indistintamente con algún ou algúns dos seguintes recursos:*

a) Mediante anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo. [...]

-As Bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra.

Á vista do anteriormente do exposto propónse a seguinte modificación orzamentaria:

1. Baixa por anulación:

Proxecto de gasto número 92110003 na aplicación orzamentaria 24/457.1709.65109.2021 (INVEST. XEST. PARA COSTAS RECUPERACIÓN P. MAQUINARIA) polo importe de -76.000,00 €.

2. Suplementación de crédito na aplicación orzamentaria 24/457.4500.63203 (EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓN MELLORAS PATRIMONIO) polo importe de 76.000,00 €

Pontevedra, na data da sinatura dixital



PROPOSTA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO:

Aprobado definitivamente o orzamento provincial é preciso modificar as seguintes aplicacións:

1. Suplementar a aplicación 24/330.3340.489.05 con cargo á aplicación 24/330.3340.226.09, por un importe de 5.000,00 € conforme ao seguinte detalle:

CIF	Entidade	Obxecto e finalidade	Importe
G-15.110.893	Federación Galega de Bandas de Música Populares	XVII Certame galego de bandas de música	5.000,00 €

O certame galego de bandas de música é un evento que se vai a realizar no mes de outubro na cidade de Pontevedra, organizado pola Federación Galega de Bandas de Música. É un evento consolidado, que reúne cada ano a preto de mil músicos de toda Galicia, moitos de eles mozas e mozos que garanten o futuro do movemento bandístico da nosa comunidade. A provincia de Pontevedra conta cun grande número de bandas de música populares que teñen neste certame a oportunidade de mostrar o seu talento e dedicación nun escenario de gran relevancia. A Deputación de Pontevedra é consciente da importancia deste tipo de certames, posto que ata o 2015 organizou, varios anos, un certame de bandas provincial e tamén algunha edición de festivais zonais de bandas, ademais de contar cunha liña de subvencións para axudar cos gastos de funcionamento das escolas de música que son o pilar das bandas da nosa provincia.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe



LMA/mc

Expediente	2024062371
Asunto	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO E ANEXO II BASES DE ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024
Trámite	PROPOSTA DO SERVIZO DE IGUALDADE

O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 22 de decembro de 2023, acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2024, publicado no BOPPO nº 247 de 27 de decembro de 2023.

Segundo o *artigo 9.2 da Constitución Española*, que recolle que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, e de conformidade coa *Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade de xénero para todo o Estado español e; tendo en conta a *Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero*, e a *Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia*, os poderes públicos, no marco das súas competencias, incorporarán medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e previr a violencia machista.

Ao amparo do anterior, dende a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, quérese dar apoio á Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural (G36889780), entidade pertencente aos Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia. Entidade de natureza asociativa sen ánimo de lucro, integrada por 14 concellos do sur da provincia de Pontevedra que deseña e aplica unha estratexia de desenvolvemento local participativa para o seu territorio de actuación e, que ademais pon en valor a importancia do papel da muller no seu territorio.



Dende esta entidade, con motivo da conmemoración do Día Internacional da Muller Rural o 15 de outubro, van a realizar o IV FORO DA MULLER RURAL GALEGA, onde queren compartir experiencias e visibilizar realidades das mulleres do seu territorio, dar voz a aquelas mulleres que apostaron por formar parte do rural, traballando, vivindo, transformando e axudando a que o seu territorio teña futuro. Para elo, queren levar a cabo a produción e realización dun audiovisual de 14 pezas con reportaxe fotográfica para difundir no Foro da Muller Rural Galega e durante varios meses en redes sociais e en diferentes actos e actividades.

Dada a repercusión informativa e a promoción en medios, ademais da posta en valor da actividade realizada por estas mulleres, servindo de exemplo para moitas outras para que emprendan ou para seguir adiante no rural, dende este servizo considerase xustificada a axuda económica por un importe de 6.000,00 € para esta actuación.

Para afrontar esta modificación de crédito, non existe consignación suficiente na aplicación nin na vinculación correspondente, polo que é preciso minorar crédito. Esta minorización por importe de 6.000 € realízase da aplicación 24/250.2315.453.94 *Convenios Universidades*.

Nesta aplicación 24/250.2315.453.94, estaba recollida unha subvención nominativa dirixida a Universidade de Vigo (Q8650002B) para a realización dun *Curso de Igualdade entre mulleres e homes nas Relacións Laborais* por importe de 30.000 €. Dado que a Universidade de Vigo con data 19 de xullo de 2024, nº rexistro WEB2024047758, comunica a non realización do citado curso, a minoración farase nesta aplicación orzamentaria.

Por todo o anterior, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do R.D Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, propónse a modificación do Anexo II-Subvenciones Nominativas do Servizo de Igualdade da aplicación orzamentaria 24/250.2315. 480.01 e a modificación de crédito segundo ao seguinte desglose:

CIF	Entidade	Importe	Finalidade
G36889780	Asociación desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural	6.000 €	Produción e realización audiovisual para campaña 2024 do IV Foro da Muller Rural Galega

O que traslado aos efectos oportunos.

Asinado dixitalmente na marxe





EXPEDIENTE	22024062371
ASUNTO	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO, PARA RE-EXCAVACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE ESTRUCTURAS DO XACEMENTO DE COTO DE ALTAMIRA (outubro 24)
PROCEDEMENTO	Crédito extraordinario para aplicación orzamentaria 24/433.3363.690.01 <i>Investimentos Xestionados para Comunidades, en Terreos Comunal</i>
TRÁMITE	INFORME DO SERVIZO

FEITOS

O Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra necesita ampliar o crédito dispoñible na aplicación 24/433.3363.690.01 *Investimentos Xestionados para Comunidades, en Terreos Comunal*, para afrontar o gasto de licitar o *SERVIZO DE RE-ESCAVACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE ESTRUCTURAS DO XACEMENTO DE COTO DE ALTAMIRA OU CASTRO DE TABOEXA (AS NEVES, PONTEVEDRA)*.

A aplicación non dispón de crédito suficiente para afrontar o gasto previsto e os traballos non poder demorarse ata o próximo exercicio ao celebrarse eventos en datas sinaladas con anterioridade

Na aplicación referida non está previsto imputar operacións no exercicio polo importe total do crédito consignado.

En conseqüente, solicítase realizar crédito extraordinario co seguinte detalle:

APLICACIÓNS MINORADAS	IMPORTE
24/433.3360.622.00_2023 Edificios e outras construcións	110.000,00 €

APLICACIÓN INCREMENTADA	IMPORTE
24/433.3363.690.01 Investimentos Xestionados para Comunidades, en Terreos Comunal	110.000,00 €



NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Artigo 177 do R. D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Artigos 35, 36 e concordantes do R.D. 500/1990 de 20 de abril.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2024.

Segundo o disposto na base 10ª das de execución do orzamento provincial, compételle ao Presidente a aprobación por tratarse dunha transferencia de crédito dentro da mesma área de gasto e do mesmo centro xestor. Mediante resolución da Presidencia de 10 de xullo de 2024 delegáronse na Deputada Maria Nava Castro Dominguez as atribucións derivadas do Servizo de Turismo.

Por todo o anterior, propónse tramitar o expediente de **CRÉDITO EXTRAORDINARIO** cos importes anteriormente relacionados.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.



Expediente	2024062371
Asunto	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 04/2024. APROBACIÓN PLENO DA CORPORACIÓN (SETEMBRO 24_2)
Trámite	Suplementación de crédito na aplicación orzamentaria 24/457.4250.62302 (INSTALACIÓNS TÉCNICAS, FOTOVOLTAICAS-ARQUITECTURA)

Antecedentes:

A Deputación de Pontevedra posúe un Centro Operativo no polígono industrial de Outeda Curro, onde se ubica o parque central de maquinaria e o almacén central de Deputación.

Preténdese a instalación de paneis fotovoltaicos nese espazo para a produción de enerxía de autoconsumo nos inmobles, fomentando deste xeito a utilización da enerxía fotovoltaica nos edificios da institución provincial.

Para acometer estas actuacións, contratase a unha asistencia técnica que achega o Proxecto técnico de instalación fotovoltaica de autoconsumo, asinado polo enxeñeiro Eloy Fernández Fernández en agosto de 2024, que ascende a un importe de 82.522,00 €.

O crédito necesario para acometer estes traballos (incluíndo gastos tales como control de calidade, coordinación de seguridade e saúde, etc...) ascendería a un importe estimado de 95.000,00 €.

Fundamentos de dereito:

-Artigo 35 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos, relativo aos créditos extraordinarios e os suplementos de crédito.

-O artigo 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas



Locais en materia de orzamentos, relativo aos suplementos de crédito, no que se dispón que:

[...]1. *Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito, poderanse financiar indistintamente con algún ou algúns dos seguintes recursos:*

a) Mediante anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo. [...]

-As Bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra.

Á vista do anteriormente do exposto propónse a seguinte modificación orzamentaria:

1. Baixa por anulación:

Proxecto de gasto número 92110003 na aplicación orzamentaria 24/457.4500.63203.2022 (EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓN MELLORAS PATRIMONIO) polo importe de -45.000,00 €.

2. Suplementación de crédito na aplicación orzamentaria 24/457.4250.62302 (INSTALACIÓN TÉCNICAS, FOTOVOLTAICAS-ARQUITECTURA) polo importe de 45.000,00 €

Pontevedra, na data da sinatura dixital



PROPOSTA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO:

Aprobado definitivamente o orzamento provincial é preciso modificar as seguintes aplicacións:

1. Suplementar a aplicación 24/330.3340.489.05 con cargo á aplicación 24/330.3340.226.09, por un importe total de 14.000,00 € conforme ao seguinte detalle:

CIF	Entidade	Obxecto e finalidade	Importe
G-15.110.893	Federación Galega de Bandas de Música Populares	XVII Certame galego de bandas de música	5.000,00 €
G-44660660	Asoc. Cultural Fonte do Retrotouro de Celeiros	Festival Carballeira Dance	2.000,00 €
G-27847839	Asoc. Premios da Crítica de Galicia	Premios da Crítica	2.000,00 €
G-36688422	Orquesta Clásica de Vigo	IV Festival de órgano de Vigo	5.000,00 €

2. Suplementar a aplicación 24/330.3340.479.01 con cargo á aplicación 24/330.3340.226.09, por un importe total de 260.000,00 € conforme ao seguinte detalle:

CIF	Entidade	Obxecto e finalidade	Importe
V-10730042	Rondallas Movie A.I.E.	Producción película "Rondallas"	60.000,00 €
V-44769883	Retrincos A.I.E.	Distribución película "Antes de Nós"	100.000,00 €
V-70935333	Punto Nemo La Serie A.I.E.	Producción serie Punto Nemo	100.000,00 €

Firmado por: ANTONIO SANTOS GUERRA - ***3005**
Cargo: Xefe do servizo de Cultura
Data: 15/10/2024 12:03

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe

